



MEMORIA XUSTIFICATIVA.
RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

MARCO NORMATIVO

A relación de postos de traballo como ferramenta organizativa no sector público, regúlase no artigo 74 (capítulo II, “Estruturação do emprego público”, Título V, “Ordenación da actividade profesional”) do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE núm. 261, 31-10-2015), co seguinte texto:

“Artículo 74. Ordenación de los puestos de trabajo.

Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”

Regúlase tamén no artigo 38 (capítulo I, “Estrutura do emprego público”, Título IV, “Organización do emprego público”) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015), co seguinte texto:

“Artigo 38. Relación de postos de traballo

1. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	1/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto:
- a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica.
 - b) A clasificación profesional.
 - c) O sistema de provisión.
 - d) A adscrición orgánica.
 - e) O complemento retributivo do posto.
 - f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, os méritos, as capacidades, a experiencia ou a categoría profesional para a súa provisión.
 - g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.
5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.
6. As relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán prever a clasificación de postos co rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo que garden relación directa coas competencias en materia de sanidade, educación e xustiza para a súa provisión por persoal sanitario, docente ou da Administración de xustiza, respectivamente, atendendo á especificidade das funcións que se deban desempeñar.”

A vixente relación de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña (UDC) foi aprobada polo Consello de Goberno o 16 de decembro de 2015, informada favorablemente polo Consello Social o 16 de decembro de 2015, e publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 10, do 18 de xaneiro de 2016 (correccións de erros no DOG núm. 26 do 9 de febreiro). Posteriormente, foi modificada de xeito puntual por razóns de estrutura orgánica ou cambios consecuencia de procesos de promoción interna, en dúas ocasións: unha, publicada no DOG núm. 93, do 16 de maio de 2018; e a segunda publicada no DOG núm. 29 do 12 de febreiro de 2020.

Conforme ao artigo 92.3 dos Estatutos da UDC (aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio, DOG do 26 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, DOG do 17 de outubro), a RPT do PAS debe revisarse preceptivamente cada dous anos e de modo potestativo cada ano.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	2/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



“Artigo 92.

1. Por proposta da Xerencia, tras a negociación preceptiva co órgano de representación sindical, o Consello de Goberno establecerá a relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos mediante a creación, modificación e supresión das prazas que se precisen para a adecuada atención dos servizos, consonte o procedemento legalmente previsto.
2. A relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario e o laboral é o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación de persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e incluírá como mínimo:
 - a) A denominación e a quenda.
 - b) A unidade orgánica a que están adscritos os postos de traballo e, de ser o caso, a condición de vacante.
 - c) O nivel de complemento de destino e, de ser o caso, as retribucións complementarias.
 - d) O grupo ou a categoría profesional, as retribucións complementarias e a quenda, cando se trate de postos desempeñados por persoal laboral.
3. O Consello de Goberno, tras a consulta preceptiva á Xunta de Persoal, poderá acordar a creación, modificación e supresión das prazas que se precisen para a adecuada atención dos servizos, o cal se reflectirá na relación de postos de traballo existente, consonte o procedemento previsto legalmente.”

No que se refire ao Consello Social da Universidade da Coruña, a súa intervención respecto á relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos, indícase no artigo 4.2.d, do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña, aprobado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 184, 26-09-2014), segundo o que:

“Artigo 4. Competencias de supervisión e informe .

• • •

2. No ámbito económico, financeiro e patrimonial, corresponden ao Consello Social as seguintes competencias:

• • •

d) Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, así como das súas modificacións.”

Co obxecto de cumprir o disposto na normativa referenciada, desenvolveuse o necesario proceso de negociación colectiva, con reunións da Comisión Negociadora constituída ad hoc os días 16-11-2020, 20-01-2021, 04-03-2021, 22-03-2021, 10-06-2021, 23-06-2021 e 13-07-2021. A proposta inicial de RPT foise modificando ao longo das diversas reunións mantidas nestes meses e culmina coa presentación do proxecto ante o Consello de Goberno e Consello Social da UDC.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	3/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



ENTRADA EN VIGOR E IMPLANTACIÓN DA NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A presente relación de postos de traballo preséntase, consonte á normativa referenciada, á aprobación do Consello de Goberno e informe do Consello Social da UDC.

A aprobación e informe favorable, se houber, condiciónase á posterior autorización da Consellería de Facenda e a súa relación co límite máximo de masa salarial segundo o establecido no capítulo IV (artigos 34-36), “Universidades” do Título II, “Gastos de persoal”, da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (DOG núm. 19, 29-01-2021).

Cando a presente proposta de RPT reciba a dita autorización, publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Desde ese momento entrará en vigor, mais a súa implantación realizarase progresivamente, en función de procesos de provisión dos postos de carácter voluntario e previa negociación coa representación do persoal.

PRINCIPIOS DA NOVA RPT

Consonte estes antecedentes, durante o ano 2020 traballouse na elaboración da RPT, orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións. Tras un período de análise e diagnóstico das necesidades existentes dos postos de traballo da institución elaborouse e redactouse o documento para a nova RPT do PAS da UDC cos seguintes principios :

En primeiro lugar, a flexibilización funcional de postos de tal xeito que se evidencie e visibilice a dependencia dos postos base e xefaturas de negociado das xefaturas de servizo. Esta circunstancia xa figura na vixente RPT do PAS da UDC de xaneiro de 2016, porén convén alterar a orde dos postos na RPT de tal xeito que os postos base aparezan na orde inmediatamente despois da xefatura da unidade (do servizo ou da administración), para así establecer indubidadamente esa dependencia directa.

Por esa mesma razón é pola que se elimina a denominación individualizada das xefaturas de negociado, agás nas xefaturas de negociado de xestión económica dos centros. Tamén neste caso, altérase a orde habitual na RPT, e estas xefaturas aparecen antes que as xefaturas de sección, xustamente para visibilizar a pertenza a un equipo amplo e non a unha sección.

Páxina 4 de 62

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	4/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



É obxectivo claro desta proposta de RPT o desempeño de tarefas polo persoal sempre en función das necesidades de servizo e non debe haber obstáculos establecidos para esta finalidade pola propia organización.

Nos tempos de procura da eficiencia, xa que os medios públicos son limitados, non é presentable perante a sociedade que financia a universidade e diante do mediador desa sociedade, o noso organismo financiador, que haxa tarefas sobrecargadas nunha mesma unidade perante outras nesa mesma unidade e que a xefatura non poda encomendar esas entre efectivos da unidade que (como xa explicamos nun apartado posterior) pertencen á administración xeral. Hai que facilitar os medios para que a propia unidade bascule a realización das tarefas en función das circunstancias da vida administrativa: habilidades de cada persoa, picos de traballo nun área, ausencias puntuais por permisos, vacacións, licenzas; incorporacións de novos efectivos que precisan un período de aprendizaxe, ausencia puntual por baixas curtas, etc.

Este obxectivo implica, evidentemente, a asunción dun compromiso e efectivización das funcións e responsabilidades que ostenta o persoal que está a ocupar xefaturas ou administracións na UDC. A pedra angular desta proposta pasa pola competencia, xa demostrada todos estes anos atrás, do PAS que estea a ocupar postos de xefatura de unidade.

En segundo lugar, incorpóranse postos especializados e cualificados de mandos intermedios e directivos os cales facilitarán a coordinación da actividade administrativa e da investigación. Estes postos se fan especialmente necesarios en organizacións complexas como pode ser unha institución universitaria onde a execución dos diferentes programas ou accións previstas depende de diferentes servizos. Para lograr unha correcta execución é necesario un control e seguimento do proceso para o cal a participación deste persoal é fundamental.

En terceiro lugar, basease na creación de grandes equipos de traballo que permitan mellorar a eficiencia da organización e a prestación dos servizos. Neste apartado, pódense repetir os argumentos expostos na primeiro dos principios que inspiran esta proposta de RPT. Agora, ademais engádense dúas reflexións: unha, sobre as análise da mellora do rendemento, e outra, referida á mellora de cada unha das situacións profesionais e persoais de cada unha das persoas integrantes do grupo.

“Toda organización tiene una cultura no escrita que define las normas de comportamiento aceptables e inaceptables para los empleados. Aunque muchas organizaciones tienen subculturas -frecuentemente creadas en torno a los grupos de trabajo, con un conjunto adicional o modificado de normas-, existe una cultura dominante que comunica a todos los

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	5/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



empleados aquellos valores que la organización considera fundamentales". "Los grupos de trabajo no son turbas desorganizadas. Tienen una estructura que modela el comportamiento de sus miembros, que hace probable la explicación y predicción de una gran parte del comportamiento individual dentro del grupo, así como de su desempeño en general.

Los grupos y equipos de trabajo constituyen un excelente vehículo para desarrollar un proceso eficiente de toma de decisiones.

El presente trabajo se propone exponer los conceptos claves, importancia, características y ciertas interioridades del trabajo en equipo, como un elemento relevante de la cultura organizacional.

Un equipo es una forma de organización particular del trabajo, donde se busca en conjunto que aflore el talento colectivo y la energía de las personas. Esta forma de organización es particularmente útil para alcanzar altos niveles de calidad en la gestión de una institución o empresa. Los gerentes y políticos buscan una filosofía para la administración apropiada y que respete las necesidades de sus empleados. En este sentido, el trabajo en equipo puede ser una valiosa ayuda, al generar situaciones que facilitan la aplicación de dinámicas que defienden la exploración y el autodesarrollo mediante la propia experiencia.

En las organizaciones, el trabajo en equipo no produce sólo mejoras individuales y organizacionales, sino que interviene también en el perfeccionamiento de los servicios, tanto cuantitativa como cualitativamente. Además, se facilita una mejor gestión de la información y del conocimiento. Es evidente que el conocimiento de la dinámica de los grupos y equipos de trabajo, especialmente de su comportamiento, tiene una gran importancia para los dirigentes y empresarios. Estudiar los grupos y equipos que coexisten en cualquier organización para saber cómo organizarlos, utilizarlos y multiplicar sus resultados, es una estrategia consistente de desarrollo organizacional.

El trabajo en equipo es parte de la nueva conciencia de las organizaciones modernas. Es un hecho que cuando todos comparten las metas de la organización, los resultados son altamente satisfactorios. La conducta y los valores grupales intervienen directamente en el cumplimiento de su misión, visión y objetivos estratégicos." (Fonte: ACIMED v.11 n.6 Ciudad de La Habana nov.-dic. 2003. Lic. Aleida Gómez Mujica y Lic. Heriberto Acosta Rodríguez)

Estes principios pretenden dar resposta ás novas esixencias da xestión en organizacións complexas onde é fundamental a coordinación dos procesos, o traballo en equipo e a flexibilización funcional.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	6/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





CUESTIÓNS XERAIS E COMÚNS A TODAS AS UNIDADES ADMINISTRATIVAS

- Dependencia directa e inmediata da xefatura da unidade de todos os postos base.

Os denominados “posto base” na RPT desta universidade son postos de traballo que reservan a súa provisión a persoal funcionario dos subgrupos C1 ou C2.

No artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015) establécese que

“c) Grupo C.

– Subgrupo C1. Para o acceso a este subgrupo é necesario estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Pertencen a este subgrupo o corpo administrativo de Administración xeral e o corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial.

– Subgrupo C2. Para o acceso a este subgrupo é necesario estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Pertencen a este subgrupo o corpo auxiliar de Administración xeral e o corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial.”

Neste caso son postos de Administración xeral; polo tanto, segundo o artigo 41.1 da lei xa referenciada, as súas tarefas son as seguintes:

“c) O corpo administrativo. Intégrase neste corpo o persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuídas as funcións de colaboración, preparatorias ou derivadas das propias do corpo superior e do corpo de xestión, a proposta de resolución de procedementos normalizados que non correspondan ao corpo superior ou ao corpo de xestión, a comprobación, xestión, actualización e tramitación de documentación e a preparación daquela que, en función da súa complexidade, non sexa propia do corpo superior ou do corpo de xestión, a elaboración e administración de datos, a inventariado de bens e materiais, e tarefas ofimáticas, manuais, de información e despacho e atención ao público.

d) O corpo auxiliar. Intégrase neste corpo o persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuídas as funcións de carácter complementario ou instrumental nas áreas de actividade administrativa, así como tarefas ofimáticas e de despacho de correspondencia, transcripción e tramitación de documentos, arquivo, clasificación e rexistro, ficheiros, atención ao público, manexo de máquinas reprodutoras e traslado de documentos ou similares.”

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	7/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



É dicir, o persoal funcionario que ocupe estes postos dedícase fundamentalmente a tarefas non especializadas e pode desempeñar, no marco exposto, tarefas xerais conforme ás instrucións que reciba da persoa superior xerárquico. O anterior non obsta para que de xeito habitual se oriente a un determinado ámbito de actividade. Porén, a conveniencia do habitual non debe impedir que, cando así o esixan as necesidades do servizo, a xefatura da unidade destine á persoa que ocupe algún destes postos denominados “base” a realizar traballos noutro ámbito nesa mesma unidade.

- Redacción e descrición dos postos evitando a linguaxe sexista.

O principio de igualdade entre homes e mulleres é o marco lexitimador que asume a Universidade da Coruña como principio do «bo goberno».

De acordo con isto unha das modificacións que se inclúen nesta proposta de RPT, responde á utilización dunha linguaxe inclusiva para evitar usos lingüísticos discriminatorios. A solución que se adoptou nalgúns casos foi o uso de substantivos xenéricos como ‘xefatura’, e cando non isto non foi posible, houbo que recorrer ao uso da barra: ‘técnico/a’, ‘conductor/a’, ‘bibliotecario/a’ O uso non sexista da linguaxe contribúe a que esta gañe precisión e exactitude, á vez que procura velar pola igualdade de condicións de homes e mulleres en todos os ámbitos.

- Eliminación da especialidade, con carácter xeral, nas xefaturas de negociado.

Como xa se sinalou no apartado anterior un dos principios desta RPT é a flexibilización funcional e o traballo en equipo. Para acadar este obxectivo é fundamental evitar que as tarefas estean compartimentadas ata grupos de persoal mínimos e/ou xefaturas de nivel inferior á xefatura de Sección ou Administración de centros. Por iso, evítanse como regra xeral, unha denominación concreta nas xefaturas de negociado que provoquen obxectivos de traballo limitados e que imposibiliten a redistribución de tarefas en función dos picos de traballo ou da importancia conxuntural, sempre coa prioridade absoluta das necesidades de servizo que rexen a nosa actividade.

- Eliminación da columna vacante/non vacante.

Segundo o artigo 38.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015), as relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto a seguinte información:

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	8/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





- “a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica.
 b) A clasificación profesional.
 c) O sistema de provisión.
 d) A adscrición orgánica.
 e) O complemento retributivo do posto.
 f) Os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
 g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.”*

É dicir, desde a entrada en vigor da lei referida, non é necesario que nas relacións de postos de traballo figure a columna denominada “vacante/non vacante”. A desaparición da súa esixencia ven motivada pola innecesaria información que facilitaba xa que a propia dinámica de modificación da RPT impedía actualizala coa necesaria sincronía coas alteracións que se daban na situación de cobertura dos postos por mor de concursos, procesos selectivos, remate da vida administrativa ou laboral das persoas que os ocupaban, etc.

Por esas razóns, considérase conveniente a desaparición desta columna.

- Eliminación da columna singularizado/non singularizado.

En función do contido transcrito no apartado anterior , tampouco é necesario na actualidade fixar se un posto é singularizado ou non.

A razón é que esa información determínase pola propia denominación do posto e pola súa dependencia doutro posto superior xerarquicamente e polas circunstancias relativas ao posto que si esixe a lei.

- Inclusión da columna denominada “Admón.”

A columna denominada “Admón.”; é dicir, a Administración de pertenza da persoa funcionaria que permite ocupar o posto si que é necesaria: primeiro, porque é unha obriga legal na letra f do artigo 38 xa que fai referencia aos requisitos para a provisión do posto para o que é necesario indicar cal é a Administración de orixe da persoa funcionaria que pode acceder a ese posto concreto; e segundo, porque se debe clarificar esta circunstancia nun documento publicado nun diario oficial e aprobado polo órganos competente na UDC.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	9/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Eliminación das Unidades de Axuda á Docencia e Investigación (UADIs).

Na relación de postos de traballo do ano 2013 (DOG nº 73, 16-04-2013 e corrección de erros en DOG nº 109, 10-06-2013) incorpórase o concepto das Unidades de Apoio a Departamentos e Grupos de Investigación (UADIs) coa finalidade de desenvolver as seguintes funcións:

- Apoio administrativo á dirección e secretaría dos departamentos dos centros.
- Apoio administrativo aos grupos de investigación.
- Apoio administrativo para a elaboración do POD.
- Apoio administrativo ás comisións académicas de doutoramento .
- Apoio á tramitación de fondos propios da UDC asignados aos departamentos.
- Apoio á tramitación dos fondos propios da UDC asignados aos grupos de investigación .

Desde a súa creación as UADIs desempeñaron as funcións descritas. Porén, no marco dun dos principios básicos na elaboración desta proposta de RPT: formar grandes grupos de traballo liderados por un PAS na súa xefatura de unidade, procede incorporar ao persoal destas unidades á Administración de cada un dos centros para así conformar un grupo de xestión administrativa, xestión académica e xestión económica, que permita afrontar as variables necesidades de servizo e cargas de traballo e de actividade mediante a encomenda de tarefas en función das capacidades das persoas. Deste xeito acadarase unha meirande eficiencia na xestión.

Como consecuencia do anterior, realízase nesta proposta unha distribución dos postos das UADIs dos distintos centros do xeito que se detalla no apartado correspondente a cada un deles nesta memoria.

- Incorporación do requisito de idioma inglés en postos base de cada unidade administrativa da RPT.

Inclusión en cada administrativa do requisito de coñecemento do idioma inglés en nivel B1 (código 14) ou B2 (código 15) ou equivalentes, esixible para ocupar o posto por persoal de procesos selectivos ou de provisión convocados con posterioridade á entrada en vigor da nova RPT. Por outra banda, esta revisión da RPT trata de dar resposta puntual a determinados obxectivos clave do novo Plan estratéxico UDC 2013-2020, aprobado no Claustro do 4 de decembro de 2013, nos retos de captación e xestión de fondos europeos, así como nos programas de internacionalización, que esixen o reforzo de recursos e mellora das competencias lingüísticas dos postos de traballo.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	10/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Introducción do grupo “B”.

No artigo 42 da Lei 15/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015) establécese o subgrupo “B” como:

“Artigo 42. Grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse nos seguintes grupos e subgrupos, consonte a titulación exixida para o acceso a eles:

...

b) Grupo B. Para o acceso a este grupo é necesario estar en posesión do título de técnico superior. Pertence a este grupo o corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial.

...”

Coa finalidade de posibilitar unha futura promoción profesional ao persoal funcionario de carreira que ocupe postos da escala técnica e que estea en posesión do título de técnico/a superior, actualmente abertos aos grupos A2 e C1, nesta proposta ábrense tamén ao dito grupo B. Esa promoción realizarase cando avance a implantación do grupo B, conforme ao financiamento correspondente e mediante o oportuno acordo.

- Establecemento do concurso específico como forma de provisión, con carácter xeral, para os postos denominados xefaturas de servizo.

Procede dar debido cumprimento ao establecido no artigo 91.1 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, segundo o cal:

“Artigo 91. Concurso específico

1. O concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo.

As xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.”

Deste xeito, establécese como forma de provisión para a cese totalidade dos postos denominados “xefaturas de servizo”, o concurso específico, coas consecuencias determinadas nos puntos 2 ao 7 do dito precepto legal.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	11/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





NOTA: estas circunstancias, por reiteradas na RPT, xa non se referirán na exposición individualizada de cada posto ou unidade.

A seguir realízase unha exposición por cada un dos órganos da Universidade da Coruña.

CONSELLO SOCIAL

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

Mantéñense dous postos co mesmo perfil que na RPT anterior:

- A secretaría da Presidencia do Consello Social.
- Asesor/a Técnico.

REITORÍA

GABINETE DA REITORÍA

Suprímese o posto denominado Xefatura do Gabinete da Reitoría, persoal eventual.

SECRETARÍA DA REITORÍA

Na RPT vixente hai un posto de secretaría da Reitoría. Por mor das funcións do traballo a realizar na reitoría da universidade, que exceden as propias relativas á persoa que ocupa dito cargo, e pola dinámica de presenza dunha persoa funcionaria (permisos, vacacións, etc.) non é posible unha atención ordinaria cunha soa persoa na secretaría.

Polo tanto, créase un posto máis de secretario/a de Reitoría, co perfil idéntico ao posto xa existente: nivel 22 de complemento de destino (CD), contía de complemento específico (CE) correspondente a ese nivel de CD, forma de provisión pos libre designación (LD), reservado a persoal dos subgrupos A2 ou C1, de administración xeral, quenda de mañá e só para persoal funcionario da UDC.

SERVIZO DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN

Suprímese o posto nº 262, posto base administrativo, subgrupo C1, niveis 16-17, e créase un posto “secretario/a administrativo” subgrupo C1, niveis 18-18; debido ao incremento da carga de traballo e responsabilidade de apoio ao área do Servizo de Información e Comunicacóns.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	12/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Desde a publicación da RPT vixente no mes de xaneiro de 2016, produciuse unha importante mudanza na prestación dos servizos no área TIC e un incremento da súa importancia no sector público e, en concreto, na Universidade da Coruña.

Na RPT vixente decidiuse estruturar a unidade en oito áreas en función dos seus cometidos: atención usuario, sistemas, rede e comunicacións, xestión económica e administrativa, xestión académica e profesorado, xestión investigación e biblioteca, información e xestión de indicadores, e innovación tecnolóxica.

Tamén, optouse por unha dependencia das oito áreas, non dun posto de RPT configurado para a súa ocupación por unha persoa funcionaria de administración e servizos; se non de unha persoa que ocupase un cargo na estrutura do equipo de goberno da UDC: na RPT publicada en xaneiro 2016, a persoa titular da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, e na actual estrutura orgánica, o Adxunto ao reitor, de quen depende a unidade.

As persoas xerarquicamente superiores de cada área denomináronse: “coordinadores/as do área” e a ordenación das tarefas ven dada pola súa vinculación coas funcións de cada unha das oito áreas.

A ordenación do persoal segue o mesmo esquema e así, cada posto de traballo figura vinculado na RPT a unha desas áreas.

Na actualidade, considérase necesario:

En primeiro lugar, mudar o concepto de prestación do servizo e das tarefas a realizar. A vinculación virá dada non polo área de pertenza do posto (xa que estas se suprimen), se non pola previa encomenda de persoal a proxectos a realizar pola unidade. Ese xeito de distribución permite enmárcase na liña xeral desta proposta de RPT de configurar grupos de traballo amplos e permite unha mellor modulación e distribución do traballo e tarefas en función da cualificación do persoal, do seu perfil de coñecementos e experiencia e relación coas circunstancias, características, importancia ou urxencia do proxecto a realizar.

Na proposta de RPT respéctanse os perfís de todos e cada un dos postos de traballo da unidade TIC: cualificación profesional, niveis de posto, quenda, localidade, etc. Aínda máis, realízase onde é posible, unha modificación da categoría e niveis de complemento de destino e específico correspondentes, co conseguinte incremento retributivo, en nove postos ocupados por persoal que promocionou ao subgrupo A1 (pasan de Analista-Programador/a a Analista, e dos niveis 22-22 aos niveis 24-25) e en catro postos ocupados por persoal que promocionou ao

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	13/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



subgrupo A2 (pasan de Técnico/a Informático/a a Analista-Programador/a, e dos niveis 19-19 aos niveis 22-22).

En segundo lugar, e como consecuencia de todo o explicado no apartado anterior, motívase a reestruturación da unidade do seguinte xeito:

Niveis

A estrutura do Servizo de Informática e Comunicións (SIC) da Universidade da Coruña (UDC) estrúcturase nos niveis que se indican a seguir:

- Xefatura (Reitor)
- 1 dirección (Adxunto ao Reitor)
- 4 xefaturas de área
- 6 coordinacións de área
- 8 áreas técnicas
- 1 secretaría

Xefatura

É o máis alto responsable de facer que a gobernanza de TI funcione na UDC. É, por tanto, o CEO (Chief Executive Officer) da Universidade. Debe posuír o coñecemento suficiente acerca da estratexia de TI orientada ao negocio.

Na UDC a xefatura recae no Reitor. Ademais, hai dous servizos dependentes desta xefatura que teñen unha importante relación co SIC: a oficina de seguridade da información e a de protección datos.

Dirección

É a persoa que lidera as TIC, algo máis que un especialista en tecnoloxía. Será o equivalente ao CIO (Chief Information Officer) da Universidade. As súas funcións céntranse fundamentalmente en:

- Conexión co equipo directivo da UDC para toma de requisitos, consultaría e asesoramento.
- Responsable da transformación dixital.
- Responsable de asegurar que o SIC de soporte aos obxectivos de negocio, reflectindo os principios crave aprobados polo equipo de goberno da UDC.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	14/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Responsable de asegurar que se aproveita ao máximo os activos intelectuais e infraestruturas de TI, tendo en conta os cambios relevantes na tecnoloxía e desenvolvementos na contorna de negocio.
- Representante TIC na comisión de seguridade.
- Referencia TIC pola UDC en asociacións e consorcios: CISUG, CRUE-TIC, ...

Criterios de selección:

- Na UDC é o adxunto ao Reitor.
- PDI estable con experiencia na xestión de equipos con proxectos TIC.

Xefaturas de Área

Persoal cuxa a súa misión principal é a dirección técnica dos servizos TIC. Entre as súas funcións destácanse as seguintes:

- Dirección técnica de grupos de áreas técnicas.
- Conexión cos funcionais dos servizos para toma de requisitos, consultaría e asesoramento.
- Captura de requisitos dos proxectos/servizos cos funcionais.
- Coordinación dunha área estratéxica dentro do grupo de áreas que dirixe.
- Nos proxectos/servizos das súas áreas será (segundo terminoloxía de metodoloxías áxiles):
 - Áreas con coordinador: Representante do “propietario do produto” (product owner)
 - Áreas estratéxicas (onde sexa coordinador): Responsable técnico (scrum master).
- Integración nos grupos de traballo dos proxectos interuniversitarios: CRUE, Rediris, ...
- Asistencia a eventos e xornadas.
- Seguimento e adaptación ás leis, resolucións reitorais e normativas asociadas aos servizos.
- Confección e seguimento dos orzamentos asociados aos proxectos/servizos asociados.
- Atención a provedores.
- Gran dispoñibilidade horaria.
- Supervisión do cumprimento de obrigacións do persoal técnico (horarios, ...).

Perfil necesario:

- Capacidade de abstracción para analizar os servizos desde un punto de vista funcional.
- Coñecemento da estrutura da UDC en relación as funcións da xefatura de área.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	15/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Coñecemento dos obxectivos e estratexias de negocio asociados ás áreas técnicas da súa dirección.
- Coñecemento e experiencia en metodoloxías de xestión de proxectos: PMP, metodoloxías áxiles, ...
- Coñecemento e experiencia en metodoloxías de xestión de servizos: ITIL ...
- Experiencia en xestión de equipos relacionados cos diferentes servizos da dirección concreta.
- Analista A1.

Criterios de selección:

As razóns expostas xustifican que o sistema para a provisión dos postos “xefaturas de áreas” sexa o concurso específico regulado no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015).

Coordinación de áreas

Responsables técnicos dos grupos de servizos asociados. Entre as súas funcións destácanse as seguintes:

- Xestión do traballo diario das áreas técnicas da coordinación.
- Responsable técnico dos proxectos/servizos da coordinación (scrum master).
- Supervisión do cumprimento de prazos e tarefas.

Perfil necesario:

- Coñecemento de metodoloxías de xestión de proxectos: PMP, metodoloxías áxiles, ...
- Coñecemento de metodoloxías de xestión de servizos: ITIL ...
- Analista A1.
- Analista-programador/a A2.

Criterios de selección:

As razóns expostas xustifican que o sistema para a provisión dos postos “coordinación de áreas” sexa o concurso específico regulado no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 04-05-2015).

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	16/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Áreas técnicas

Trátase da agrupación de traballadores segundo servizos, proxectos e funcionalidades. Para garantir unha continuidade do servizo, de forma inmediata á nova RPT o persoal técnico das áreas seguirá atendendo os mesmos servizos e/ou temáticas que viña desenvolvendo ata o de agora, estando agrupados física e loxicamente polas áreas existentes ata o de agora. A dependencia coa nova estrutura depende dos servizos/proxectos de cada unha destas áreas e, por tanto cada área técnica poderá ter unha relación con máis dunha coordinación.

Secretaría

Realiza as funcións dunha secretaría administrativa, con especial énfase a estas funcións:

- Labores administrativos en xeral.
- Apoio á dirección e xefaturas de área.
- Mantemento da información dos orzamentos.
- Acceso á ferramenta de xestión económica nas partidas afectadas.
- Xestión da comunicación do SIC: avisos, noticias, ...

Xefaturas de Área e coordinacións do SIC

É importante observar que son 6 coordinacións con persoal asignado a estas e 4 coordinacións estratéxicas (identificadas cun * diante do seu nome) dirixidas pola persoa encargada da xefatura correspondente.

Esta estrutura das xefaturas e os servizos asignados a cada coordinación pode verse a continuación:

- Infraestruturas, comunicacións e ciberseguridade
 - * Ciberseguridade
 - Controis de acceso
 - SIEM
 - CPD e cloud
 - Cloud: IaaS, PaaS e SaaS
 - Sistemas de ficheiros
 - Backup
 - Servidores físicos: HW e SO

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	17/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Monitoraxe servidores
- VDI
- Certificados servidor
- Comunicaci3ns
 - Telefonía fixa e m3bil
 - DHCP
 - DNS
 - NAC
 - Balanceadores
 - Rede de datos: interna e de transporte
 - Redes de sensores
 - Wifi
 - Firewall
 - Radius
 - VPN
 - Videoconferencia
- Operaci3ns e Administraci3n electr3nica
 - * Administraci3n electr3nica
 - Administraci3n electr3nica
 - Rexistro
 - Factura electr3nica
 - DIR3
 - Taboleiro electr3nico
 - Portasinaturas
 - Afresco + Sharepoint + Onedrive
 - Servizos de xesti3n
 - Espazos
 - GADU
 - Xescampus
 - Bolsas
 - SUXI
 - Avaliaci3n docente
 - Xesti3n econ3mica

C3digo Seguro De Verificaci3n	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ram3n Alberto Del Valle L3pez - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observaci3ns		P3xina	18/62
Url De Verificaci3n	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





- Xestión persoal
 - Xestión de contratos
- Servizos de información
 - UDC TV
 - App móvil + TUI
 - Web corporativa
 - Correo electrónico
 - Directorio telefónico
 - Tenda virtual
 - Bibliotecas
 - RUC
 - Publicacións
 - MS365 stream
 - Voto electrónico
 - Data warehouse
 - Campus virtual
 - M365 formularios
- Proxectos e servizos internos
 - * Proxectos
 - Oficina de proxectos
 - Repositorio de software
 - BBDD
 - Power Shell
 - M365: power apps
 - Desenvolvementos
 - Servizos internos
 - LDAP
 - Active directory
 - Autenticación
 - CAS
 - SIR2
 - Servizos web (API UDC)
 - Federico

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	19/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- Microsoft 365: core
- Roles
- UDC passport
- Fotografías do perfil de usuario
- Atención usuarios e licenzas
 - * Service desk e licenciamientos
 - MS365 bookings
 - Compras microinformática
 - Licenzas de software
 - Servide Desk (axudaTIC)
 - Service Desk (2222)
 - Atención centros e postos de traballo
 - Impresoras
 - Atención docencia
 - Postos de traballo
 - Apoio investigación

Correspondencias entre RPTs

En base á relación de servizos indicados anteriormente, pódense extraer a relación entre as coordinacións e postos de traballo entre a antiga e a nova RPT.

Coordinacións de área

A seguinte táboa mostra a proxección das coordinacións de área da antiga RPT coa nova.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	20/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Anterior RPT	Nova RPT
Xestión académica e profesorado (AXAP)	Servizos de xestión
Xestión económica e administrativa (AXEA)	Servizos de xestión Servizos de información
Xestión investigación e biblioteca (AXIB)	Servizos de xestión Servizos de información
Atención ao usuario (CAU)	Atención a centros e postos de traballo.
Innovación tecnolóxica (Innovación)	Servizos de xestión Servizos de información Servizos internos
Rede e comunicación (Rede)	Comunicacións Servizos internos
Servizos de información e xestión de indicadores (Seinfe)	Servizos de xestión Servizos de información
Sistemas (Sistemas)	Servizos internos Sistemas

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	21/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Postos de traballo

A dependencia das áreas técnicas actuais coas novas coordinacións pódese ver no seguinte cadro:

Ciberseguridade	Rede Sistemas
CPD e cloud	Rede Sistemas
Comunicacións	Rede
Administración electrónica	Rede
Servizos de xestión	AXAP AXEA AXIB Innovación SEINFE
Servizos de información	AXEA AXIB Innovación SEINFE
Proxectos	Todas as áreas
Servizos internos	CAU Innovación Rede Sistemas Seinfe
Service desk e licenciamiento	CAU
Atención centros e postos de traballo	CAU UAD

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	22/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



SECRETARÍA XERAL

LETRADO/A ASESOR/A

Na nova columna denominada “Administración”, establécese que este posto pode ser cuberto por persoal de outras administracións públicas distintas á UDC (“AA PP”) debido á carencia na actualidade dunha escala de letrados/as propia da UDC.

XEFATURA DE SECCIÓN DE RECLAMACIÓNS E RECURSOS

A proposta da súa creación débese a necesidade de avanzar no reforzo da xestión da Investigación na UDC, como xa se explicou no apartado desta memoria referente á Vixerencia de Investigación e, este dato intensificado no que respecta aos Centros de Investigación, pola imperatividade de acreditar a súa suficiencia financeira e administrativa (Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 26-03-2021, DOG núm. 68 do 13-04-2021).

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	43/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



CENTRO DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS AVANZADAS – CICA

Créase o posto “secretario/a técnico/a de centros tecnolóxicos” co mesmo perfil que postos coa mesma denominación xa existentes na RPT vixente: nivel 19 de complemento de destino e específico, aberto aos grupos A2, B ou C1, escala técnica, subescala “secretario/a técnico”, forma de provisión por concurso.

A proposta da súa creación débese a necesidade de avanzar no reforzo da xestión da Investigación na UDC, como xa se explicou no apartado desta memoria referente á Vicexerencia de Investigación e, este dato intensificado no que respecta aos Centros de Investigación, pola imperatividade de acreditar a súa suficiencia financeira e administrativa (Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 26-03-2021, DOG núm. 68 do 13-04-2021).

CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS – CITIC

Créase o posto “secretario/a técnico de Centro de Investigación” co mesmo perfil a postos coa mesma denominación xa existentes na RPT vixente: nivel 21 de complemento de destino e específico, aberto aos grupos A1 ou A2, escala técnica superior ou de grao medio, subescala “secretario/a técnico”, forma de provisión por concurso e, neste caso, xornada partida.

A proposta da súa creación débese a necesidade de avanzar no reforzo da xestión da Investigación na UDC, como xa se explicou no apartado desta memoria referente á Vicexerencia de Investigación e, este dato intensificado no que respecta aos Centros de Investigación, pola imperatividade de acreditar a súa suficiencia financeira e administrativa (Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 26-03-2021, DOG núm. 68 do 13-04-2021).

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS – CIT

Os postos nº: 233, 234, 235, 236, 237 e 238; o primeiro “técnico/a en química” e os demais “técnico/a de laboratorio”, mudan a súa quenda pasando de “partida” a “mañá”, dese xeito, elimínase o incremento do complemento específico que tiñan por dispoñibilidade.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	44/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



O posto nº 233, ademais, modifica a súa subescala de “química” a “química de materiais plásticos” polas seguintes razóns:

- É o único posto de “técnico/ en química” que non ten subescala específica na RPT.
- As tarefas que realiza a persoa que ocupe o posto é altamente especializado en química en materiais plásticos: análise e migración de aditivos en matrices plásticas, aplicación de técnicas cromatográficas á análise de polímeros, síntese de polímeros condutores, etc.
- O laboratorio de Química do Centro de Investigacións Tecnolóxicas – CIT da soporte especializado ao persoal investigador dos grupos que traballan no Campus Industrial de Ferrol, na liña de materiais, dos que una grande maioría traballan en materiais poliméricos (Grupo de Polímeros e Grupo de Propiedades Térmicas e Reolóxicas de Materiais).

VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE

OFICINA DE DOUTORAMENTO DA EIDUDC

Incorpórase o posto nº 539, “secretario/a administrativo”, procedente da UADI da Facultade de Ciencias, polas razón xa explicadas no apartado correspondente ás cuestións comúns desta proposta de RPT.

CENTRO UNIVERSITARIO DE INNOVACIÓN E DOCENCIA EDUCATIVA-CUFIE

Propónse a creación de dous postos “Técnico/a do CUFIE”, co mesmo perfil que o xa existente (nº 328) nesta mesma unidade na RPT vixente. Esta proposta responde á necesidade de apoio á adaptación da docencia por medios non necesariamente presenciais por mor da situación existente e como consecuencia da evolución neste eido.

Da Vicerreitoría do Campus de Ferrol depende a Unidade da Atención á Diversidade (ADI). As funcións desta unidade son realizadas polo único posto de Técnico/a do CUFIE que na actualidade existe (posto nº 328).

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	45/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



A carga de traballo deste posto, nos últimos anos veuse incrementada exponencialmente, pois desenvolve funcións dentro de ámbitos estratéxicos e en continuo crecemento na UDC que son:

- a) A Unidade de Formación e Asesoramento (UFA), que xestiona planos de formación permanente para o alumnado de grao e mestrado (Plano de Apoio á Aprendizaxe), doutoramento (Plano de Apoio á Investigación), profesorado e investigadores (Plano de Formación Inicial e Plano de Apoio ao Ensino), así como planos de formación para outras unidades: Biblioteca Universitaria, Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, CIXUG, CITIC, Oficina de Igualdade (OIX) e formacións específicas que se solicitan dos centros. Por outra banda, xestiona todas as actividades relativas ao PAT que corresponden á coordinación xeral deste.
- b) A Unidade de Atención á Diversidade (ADI), que da servizo a todas as persoas da comunidade universitaria para mellorar a súa inclusión nesta. Tramita todas as adaptacións para alumnado con diversidade funcional e necesidades específicas de apoio educativo e facilita apoio ao profesorado para levalas a cabo (subtitulado de material, accesibilidade de documentos, accesibilidade do posto escolar, etc.). Ofrece, tamén formación e difusión en temas relacionados coa inclusión no ámbito universitario e forma parte de redes de traballo a nivel nacional (Rede SAPDU) e local (en estreita colaboración co tecido asociativo).

Estas razóns reforzan a proposta de creación dos xa sinalados dous postos “Técnico/a do CUFIE”.

Tamén, por mor do necesario incremento no dito área desde a situación socio-sanitaria derivada da incidencia do Covid19 e as consecuencias de prestación de servizos de xeito remoto e por medios audiovisuais, tamén fan necesario a creación dun posto denominado “Técnico/a de medios audiovisuais” que reforce esta área e, fundamentalmente, ao centro ou centros con docencia nesta materia.

UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE

Créase o posto denominado “Xefatura da Unidade Técnica de Calidade”, nivel 25 de complemento de destino, nivel 26 de complemento específico, aberto a persoal funcionario da UDC dos subgrupos A1 ou A2, escala técnica, subescala “calidade” e para ser cuberto mediante

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	46/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



o sistema de provisión de concurso.

Nesta nova RPT prodúcese un importante incremento da dotación de recursos da UTC polo que a persoa que se responsabilice da súa dirección (que ata o de agora se desempeñaba por persoal funcionario docente ou investigador-PDI), ademais de coñecementos técnicos, debe ter capacidade de dirección de equipos humanos e asignación de recursos para o traballo colaborativo conxunto entre o persoal da UTC e os responsables dos centros académicos.

A dirección debe ter unha formación sólida sobre os procesos relacionados coa xestión da calidade no ámbito universitario, debe coñecer moi ben cales son as tarefas que debe desenvolver esta unidade e ter experiencia nas técnicas e ferramentas de calidade. Requírese, por exemplo, saber cales son os procesos de avaliación do deseño e certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade dos Centros; os procesos de verificación, modificación, seguimento e renovación dos títulos oficiais de grao, máster e doutoramento; e o desenvolvemento do Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente (DOCENTIA), que é o modelo e os procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e o seu recoñecemento.

A adquisición deses coñecementos de carácter eminentemente técnico é un proceso complexo, que só se logra tras varios anos de experiencia moi concreta e específica na UDC e unha intensa dedicación.

Como se di no apartado anterior, esta unidade refórzase cos seguintes efectivos.

Catro postos denominados “secretaría administrativa”, que na anterior RPT figuraban nos seguintes centros da UDC: UADI da Facultade de Ciencias da Educación, Administración da Facultade de Ciencias da Educación, UADI da Facultade de Economía e Empresa e Administración da Facultade de Economía e Empresa.

Esta actuación enmárcase no principio xeral desta RPT referido á centralización de función para dotar dun maior grao de eficiencia. Así, as funcións de calidade os procesos académicos pasa de se desenvolver en cada un dos centros polo vicedecano/a correspondente co apoio dun efectivo PAS, a estar nunha única unidade administrativa mantendo, se así o estimar, o vicedecanato de calidade en cada centro.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	47/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

SERVIZO DE ARQUITECTURA, URBANISMO E EQUIPAMENTO

Nesta unidade propónse unha reestruturación en tres áreas, cunha mesma xefatura, co obxecto de adaptarse ás mudanzas nas distintas actuacións que haberá que afrontar na UDC no ámbito da eficiencia enerxética, de adaptación das infraestruturas ás circunstancias socio-sanitarias e de implantación da dixitalización.

Dese xeito, as ditas áreas son: Obras e Mantemento, Enerxía e Equipamentos e Servizos.

Modifícase a denominación do posto nº 340 a “Enxeñeiro/a instalacións enerxía” xa que esta é máis acaída as tarefas que vai desenvolver e a súa área de desempeño.

Modifícase a denominación do posto nº 341 a “Técnico/a instalacións enerxía” xa que esta é máis acaída as tarefas que vai desenvolver e a súa área de desempeño.

Modifícase a denominación do posto nº 342 a “Técnico/a equipamentos” xa que esta é máis acaída as tarefas que vai desenvolver e a súa área de desempeño.

VICERREITORÍA DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE

A xefatura de sección muda a súa denominación de “admisión de graos” a “admisión de graos e mestrados”. Esta mudanza implica, obviamente, novas tarefas na unidade polas seguintes razóns:

É importante centralizar o proceso de información e admisión de graos e mestrados na Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, responsable ata agora da admisión nos estudos de grao da UDC. Deste xeito facilitarase ao estudantado a tramitación dos procesos de preinscrición e matriculación nos mestrados da UDC. Esta unidade actuará

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	48/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



como ventanilla única de información dos futuros estudantes, xestión dos prazos da tramitación da única solicitude, publicación de listas de admitidos/excluídos de todos os mestrados que desexa cursar, por orde de prelación, xunto coa documentación requirida. A esta unidade corresponderá a xestión administrativa da súa solicitude, revisión da documentación aportada, comprobación do cumprimento dos requisitos legais, etc., encargándose a Comisión Académica do centro docente onde se imparte o mestrado do establecemento e aplicación dos criterios de baremación é ordenación dos expedientes cara a admisión.

Por esas mesmas razóns, xunto coas detalladas no apartado de cuestións comúns sobre a desaparición das UADIs, prodúcese un reforzo de persoal da unidade coa incorporación de catro postos “secretarios/as administrativos”, os números 424, 421, 422, e 465; e a proposta de creación de dous mais; é dicir, un reforzo total de seis postos.

VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTES

Propónse a creación do posto “Técnico/a en Igualdade”. Na RPT vixente non existe a figura dun posto técnico nesta materia. Sendo este un dos obxectivos da universidade e no marco do pulo á igualdade na institución faise imprescindible a súa creación. O seu perfil é semellante ao outros postos denominados “técnico/a” na RPT da UDC.

Créase un posto “Técnico/a en actividades culturais”, nivel 19 de complemento de destino e nivel 19 de complemento específico, quenda de tarde; como consecuencia da necesaria execución de resolución xudicial de recoñecemento dunha persoa como persoal laboral indefinido non fixo.

A necesidade de reforzo de persoal nas áreas competencia desta vicerreitoría, xunto coas detalladas no apartado de cuestións comúns sobre a desaparición das UADIs, prodúcese un reforzo de persoal da unidade coa incorporación de un posto “secretarios/as administrativos”, o número 540, procedente da UADI da Facultade de Ciencias.

VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN

OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS-ORI

Propónse a creación dunha xefatura de negociado para reforzar a estrutura da unidade e dotar de xefatura aos cinco postos base xa existentes en RPT vixente.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	49/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

1. Unidade Administrativa de Ferrol

Dentro da Unidade Administrativa de Ferrol propoñemos os seguintes cambios

- O posto nº 47 Xefatura de negociado de asuntos xerais, na actualidade desenvolve exclusivamente funcións dun negociado de Asuntos Económicos (tramitación dos gastos relativos ao orzamento da Vicerreitoría do Campus de Ferrol), polo que consideramos axeitada a súa integración na UXAI-Económica.

- Como filosofía básica da maior parte dos cambios propostos no conxunto da RPT subxace a creación de unidades de traballo máis amplas para evitar que teñamos postos con cargas mínimas de traballo mentres que outros sexan incapaces de facer fronte ás súas tarefas.

No campus de Ferrol temos postos base únicos e exclusivos en determinados servizos (Rexistro, Universidade Senior....) polo que a idea é agrupar todos eses servizos baixo a dependencia orgánica da Vicexerencia de Ferrol, sendo esta quen organice a distribución de traballo entre todos os postos base (os que actualmente prestan servizo no SAPE/LERD, no Rexistro e na Universidade Senior). Deste xeito poderíamos contar con 5 postos base para todas as funcións que se precisen no conxunto dos servizos mencionados.

- Consecuentemente o posto nº 50 que agora figura coa denominación Xefatura de negociado de acceso e atención ao estudante propónse que pase a denominarse Xefatura de Negociado de Asuntos Xerais para dar soporte á toda Unidade Administrativa de Ferrol e non só a SAPE/LERD.

2. Unidade de Xestión Académica Integrada Ferrol (UXAI - Ferrol) / Unidade de Xestión Económica Integrada de Ferrol (UXEI-Ferrol / Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI-Ferrol).

Na RPT aprobada no 2013, co obxecto de facilitar unha xestión máis integral cara á comunidade universitaria nos correspondentes ámbitos, optimizando a dotación de postos de traballo e

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	50/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



evitando duplicidades de funcións e recursos, acométese un primeiro proceso de agrupación de servizos coa creación da Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI), a Unidade de Xestión Económica Integrada (UXEI) e a Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI). Nelas integrábanse todos os postos administrativos (agás os de secretaría de decanato/dirección) da Facultade de Humanidades, Escola Universitaria de Deseño Industrial, Facultade de CC. Do Traballo e Facultade de Enfermaría e Podoloxía.

Con esta nova RPT preténdese acometer un segundo paso coa integración nestas unidades do persoal de administración e servizos dos restantes centros do Campus de Ferrol.

Consecuentemente na UXAI (Académica):

1. Integraríanse todos os postos que na actualidade figuraban nas Administracións da Escola Universitaria Politécnica e da Escola Politécnica Superior, agás un posto base, o nº 519, que pasaría a reforzar a UXEI (Económica)

Teríamos así, unha unidade única de xestión académica para o Campus de Ferrol, con catro postos de Administrador/a encargados da súa organización, e de todos eles, dependerían a totalidade de postos base (5), secretario/a administrativo (1) e xefes/as de negociado de Asuntos Académicos (2).

2. Proponse que a denominación de todos os postos de Administrador/a, Xefe/a de Negociado sexan iguais, para non atribuír determinadas funcións a determinados postos.

Na UXEI (Económica) integraríanse:

a. Todo o persoal dos negociados de Asuntos Económicos dos Centros comentados (Escola Politécnica Superior e Escola Universitaria Politécnica)

b. Dous postos que na actualidade realizan funcións exclusivas de xefes/as de negociado de Asuntos Económicos

- O posto nº 47, Xefatura de negociado de asuntos xerais que se encargaba da xestión económica do orzamento da Vicerreitoría do Campus de Ferrol. Pasaría a ter a mesma denominación e condicións que todos os negociados da unidade (Xefatura de Negociado de Asuntos Económicos)

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	51/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- O posto nº 232 Secretario/a técnico centros tecnolóxicos, pasa da escala técnica á escala xeral por estar a desenvolver única e exclusivamente funcións propias desta última.

Precisamente por desenvolver exclusivamente tarefas de xestión económica no Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT) tamén quedaría incluído na UXEI do Campus de Ferrol, con idéntica denominación, nivel e funcións que o os postos homólogos (Xefatura de Negociado de Asuntos Económicos).

c. O posto base nº 519. En principio este posto estaba a desenvolver tarefas académicas na Escola Politécnica Superior, sen embargo, observando as estruturas resultantes da UXAI (Académica) e UXEI (Económica), vese recomendable reforzar esta última por contar con menos persoal.

Teríamos así unha única unidade de xestión económica do Campus de Ferrol, que contaría con un posto de Administrador/a, encargado do correcto funcionamento desta, do cal dependerían os postos base (2) e xefaturas de negociado(6)

Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI-Ferrol):

Na RPT do 2013 creábase a UADI de Ferrol a cal quedaba formada por un só posto de PAS, o posto nº 405 Secretario/a administrativo, que atendería as tarefas correspondentes do Departamento de Humanidades e Departamento de Ciencias da Saúde.

O seguinte paso que se acomete neste momento é a integración nesta unidade do persoal que realiza as correspondentes funcións administrativas nos outros departamentos do Campus de Ferrol (Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Naval e Industrial).

Quedaría así unha Unidade integrada por tres postos de Secretario/a Administrativo/a (405, 497 e 515), para atender os catro departamentos do Campus de Ferrol.

Tendo en conta a reordenación de funcións que nos últimos tempos se está a levar a cabo nos departamentos, os recursos humanos desta Unidade encargaríanse de dar soporte ao Servizo de Investigación nas súas funcións estratéxicas no Campus de Ferrol, función que ata agora viña a desenvolver a Oficina de Apoio á Investigación, creada no 2013 a partir da reestruturación realizada nese momento, oficina que con esta nova RPT desaparece (despois de analizar as

Páxina 52 de 62

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	52/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



funcións desta Oficina coa Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da cal depende).

3. Áreas Técnicas Campus de Ferrol.

- a) Agrúpase nunha unidade todos os postos que no Campus de Ferrol corresponden a áreas técnicas (OCV, Cultura, Deportes, Normalización Lingüística...), co único de fin de dotalos dun apoio administrativo. Son áreas moi específicas e todas elas contan con un único posto de técnico/a.
- b) posto 398 Secretario/a Administrativo que ata agora estaba na Oficina de Apoio á Investigación de Ferrol, a cal desaparece por reestruturación, sería o que se encargaría de dar apoio a estas áreas.
- c) Esta oficina nunca contou con ningún posto de Administración e Servizos, de xeito que todas as funcións propias de Oficina teñen que ser asumidas pola persoa que exerce a súa dirección, un PDI que cambia periodicamente. Estamos nun momento en que as tarefas de Igualdade dentro da Universidade esixen unha atención máis continuada e con maior intensidade, polo que sería axeitado contar cun/ha técnico/a que teña a formación correspondente e dea unha continuidade no tempo ás tarefas desenvolvidas dentro da Oficina.
- d) Por sentenza xudicial deben crearse 3 postos de Emprego. Na actualidade as 3 persoas afectadas prestan servizo no Campus de Ferrol, mais tendo en conta que estes postos funcionalmente dependerían da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, un deles quedaría no Campus de Ferrol pero os outros dous, crearíanse no Campus da Coruña onde hai unha necesidade importante neste sentido.
- e) Todos os postos aínda que organicamente pasen a depender da Vicerreitoría do Campus de Ferrol, funcionalmente dependerán das correspondentes vicerreitorías como ata agora.

4. Conserxaría Campus de Ferrol.

- a) Todos os postos de conserxes e auxiliares de servizos con destino no Campus de Ferrol quedan adscritos á Vicerreitoría do Campus de Ferrol.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	53/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



- b) Sen prexuízo de desenvolver habitualmente as súas funcións nas conserxarías dos actuais centros nos que teñen destino, co obxecto de garantir unha eficaz asignación de efectivos, pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol, en coordinación coa Xerencia, poderán acordarse adscricións temporais necesarias noutros centros para atender situacións de baixas, permisos, vacacións, vacantes, incremento de cargas de traballo ou eventos especiais.
- c) O único cambio que afecta ao número de postos e quenda sería:
-o posto nº 416 Auxiliar de Servizos, que está vacante, pasaría da quenda de tarde á quenda de mañá (na que hai máis necesidades de efectivos)

VALEDOR/A UNIVERSITARIO/A

Coa finalidade de equiparar a forma de provisión e niveis de complemento de destino e específico do posto administrativo desta institución coas secretarías dos demais altos cargos da UDC (vicerreitorías, secretaría xeral e xerencia) equivalentes á valeduría universitaria, tanto máis por canto este será o único posto de persoal de administración e servizos neste centro directivo; suprímese o posto base nº 417 cando resultar vacante, e créase un posto de secretaría co mesmo perfil que os equivalentes xa citados: niveis 19 de complemento de destino e específico e formade provisión por libre designación.

E.T.S. DE ARQUITECTURA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 418, secretario/a de dirección.

Os postos 419 (xefatura de negociado) e 420 (secretario/a administrativo/a) pasan a reforzar a Administración do centro.

Os postos 421, 422 e 424 (secretario/a administrativo/a) reforzan á Xefatura de Sección de Admisión de Graos e Mestrados, xustamente pola asunción desta das función de admisión de Mestrados en lugar de as realizar os centros.

E.T.S. DE ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 444, secretario/a de dirección.

O posto 445 (xefatura de negociado) pasa a reforzar a Administración do centro. O posto 447 (secretario/a administrativo/a), suprímese.

Páxina 54 de 62

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	54/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





E.T.S. DE NÁUTICA E MÁQUINAS

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 462, secretario/a de decanato.

O posto 463 (secretario/a administrativo/a) pasa a reforzar a Administración do centro.

O posto 465 (secretario/a administrativo/a) reforza á Xefatura de Sección de Admisión de Graos e Mestrados, xustamente pola asunción desta das función de admisión de Mestrados en lugar de as realizar os centros.

E.U. DE ARQUITECTURA TÉCNICA

O posto 478 (secretario/a administrativo/a) incorpórase ao novo Equipo de Xestión da Investigación (EXI) no marco da centralización de funcións e na creación, neste caso, da Vicexerencia de Investigación.

E.U. DE DISEÑO INDUSTRIAL

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 491, secretario/a de dirección.

Creación dun posto de Técnico en Deseño Industrial, subescala Áreas Experimentais de Volume e Forma.

O proceso de Deseño Industrial busca a simulación con absoluta garantía de todas as características técnicas, materiais, formais e estéticas dos futuros produtos. Esta simulación concrétase sempre coa realización de maquetas e modelos sobre as bases materiais dixitalizadas que aseguran o proceso creativo e a viabilidade industrial do produto.

Para a realización destas maquetas, modelos e prototipos nas correspondentes materias da titulacións impartidas na Escola Universitaria de Deseño Industrial, empréganse máquinas de mecanizado e prototipado de altas prestacións.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	55/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Na actualidade como non hai ningún persoal técnico no centro, as tarefas de iniciación no uso, atención e mantemento de espazos e recursos vinculados a Fotografía e Imaxe, Prototipado Rápido, Software e Materiais son asumidas polos docentes.

Por iso, de cara á acadar unha correcta atención e operatividade destas áreas e así mesmo permitir afrontar campos de investigación en DIDP con forte demanda e que coa situación actual non poden ser atendidos, considerase imprescindible a creación do novo posto de Técnico en Deseño Industrial (subescala Áreas Experimentais de Volume e Forma).

O posto nº 495, denominado “Xefatura de taller”, modifica a súa xornada pasando de xornada partida a quenda de mañá; dese xeito, elimínase o incremento do complemento específico que tiña por dispoñibilidade.

ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑERÍA DE FERROL
--

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 514, secretario/a de dirección.

O posto 515 (secretario/a administrativo/a) pasa a reforzar a Administración do centro. Durante a vixencia desta RPT producirase a unificación nun só centro da Escola Universitaria Politécnica e da Escola Politécnica Superior.

Esta situación afecta directamente ao persoal destinado nestes dous centros:

- Os 2 postos de Administrador/a pasarían a formar parte da UXAI- Ferrol (Académica)
- Os 2 postos de Xefe/a de Negociado pasarían a formar parte da UXEI-Ferrol (Económica)

FACULTADE DE CIENCIAS

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 536, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da facultade: o nº 538, secretario/a administrativo e o nº 537, xefatura de negociado.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	56/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



O posto 539 (secretario/a administrativo), pasa a formar parte da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC).

O posto 540 (secretario/a administrativo), pasa a formar parte do necesario reforzo da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, fundamentalmente no área de Igualdade.

Os postos 546 e 547 (posto base) incorpórase ao novo Equipo de Xestión da Investigación (EXI) no marco da centralización de funcións e na creación, neste caso, da Vicexerencia de Investigación. A porcentaxe da xestión económica da investigación representa neste centro, o 89,19 % da totalidade.

FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 562, secretario/a de decanato.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 563, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da facultade: o nº 565, secretario/a administrativo e o nº 564, xefatura de negociado.

Os postos 566 e 569 (secretario/a administrativo), pasa a reforzar a Unidade Técnica de Calidade (UTC), no obxectivo da xestión centralizada da Calidade na UDC.

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 586, secretario/a de decanato.

FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 592, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpórase un posto da extinta UADI á Administración da facultade: o nº 593, secretario/a administrativo.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	57/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

FACULTADE DE DEREITO

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 615, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da facultade: o nº 617, secretario/a administrativo e o nº 616, xefatura de negociado.

FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 634, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da facultade: o nº 636, secretario/a administrativo e o nº 635, xefatura de negociado.

Os postos 637 e 640 (secretario/a administrativo), pasa a reforzar a Unidade Técnica de Calidade (UTC), no obxectivo da xestión centralizada da Calidade na UDC.

ESCOLA DE ENFERMERÍA E PODOLOXÍA (Clínica Universitaria Podolóxica)

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 661, secretario/a de decanato.

Creación dun novo posto de Técnico de Laboratorio (Subescala Sanitaria)

O persoal de administración e servizos co que actualmente conta a Clínica Universitaria Podolóxica é: un Técnico/a de Laboratorio (subescala sanitaria), posto nº 666 e un posto base, posto nº 665, en horario de mañá durante todo o ano.

No segundo cuadrimestre, debido ó incremento de actividade docente-asistencial, pola continuación das prácticas de cuarto curso e o inicio das prácticas do terceiro curso de grao en

Páxina 58 de 62

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	58/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



Podoloxía, este persoal refórzase no segundo cuadrimestre (de xaneiro a maio) con outro técnico e outro posto base en horario de tarde (contratación temporal a través das listas de agarda).

Tendo en conta isto, e que cada vez é maior número de prácticas que se desenvolven no primeiro cuadrimestre, que inicialmente era dunha tarde a semana, actualmente dúas e que coa implantación do novo plan de estudos, suporá case catro tardes á semana propónse a creación dunha nova praza de técnico de laboratorio (subescala sanitaria) en quenda de tarde.

A importancia deste técnico basease nas características da propia Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) na que o cumprimento da lexislación de protección de datos, documentación e historia clínica, dereitos do doente, consentimento informado, a confidencialidade, a responsabilidade civil e sanitaria, o segredo profesional así coma a cribaxe de doentes son unha parte fundamental da mesma e na que o técnico ten unha gran responsabilidade participando cando é preciso na xestión de citas e historias clínicas. Ademais o técnico é responsable directo da xestión dos residuos sanitarios, dos produtos químicos da mesma e a xestión e manipulación de probas complementarias (toma de mostras de pel, unllas, fluídos e extraccións cirúrxicas para a súa análise microbiolóxica e tisular) nas que se inclúen as de radiodiagnóstico na que o técnico colabora no manexo e no cumprimento das medidas de radioprotección. Unha parte fundamental do traballo do técnico e a limpeza, desinfección e esterilización e almacenamento do instrumental, aparataxe e equipamento do que tamén comproba o seu bo funcionamento así como do mantemento da asepsia e esterilización en toda a clínica e especialmente no quirófano onde participa na preparación do campo e a vestimenta cirúrxica co fin de desenvolver as medidas de prevención de enfermidades infecciosas no medio hospitalario. Facendo o control de inventario de materiais e colaborando, se fose preciso, na aplicación de métodos de reanimación cardiopulmonar e resucitación en caso de emerxencia.

FACULTADE DE FILOLOXÍA

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

Explícanse as modificacións no apartado seguinte sobre a UXAI de Filoloxía-Turismo.

UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA INTEGRADA DE FILOLOXÍA-TURISMO (UXAI Fac. de Filoloxía/Fac. de Turismo)
--

Na mesma liña que as outras Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI) xa existentes na UDC, e polos mesmos motivos: centros no mesmo inmovible que fai aconsellable partillar a xestión administrativa, académica e económica.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	59/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



A anterior xustificación cadra coa vontade e cun dos principios desta proposta de RPT; isto é, a conformación de grupos de traballo amplios que permitan a basculación das tarefas que realicen os efectivos da unidade en función das necesidades.

Nesta UXAI dáse a circunstancia especial de que incorpora persoal subrogado dun centro xa existente antes adscrito á UDC e que se incorpora como propio desde o mes de xullo de 2020. Por ese motivo dáse a singularidade de coexistir dous postos denominados “administrador/a” na mesma unidade. Este feito no resposta a una decisión na elaboración desta RPT, se non que é obrigado por mor da dita subrogación do persoal do centro antes adscrito e do necesario respecto das súa condición laboral previa.

Porén, o anterior non obsta para que o desenvolvemento das tarefas que desempeñen os distintos postos desta UXAI, coa creación do equipo decanal da Facultade de Turismo se perfilen de común acordo co decanato da Facultade de Filoloxía e coa participación das persoas que ocupen os dous postos de “administrador/a”.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpórase un posto da extinta UADI á Administración da UXAI: o nº 668, xefatura de negociado.

O posto 669 (secretario/a administrativo) incorpórase ao novo Equipo de Xestión da Investigación (EXI) no marco da centralización de funcións e na creación, neste caso, da Vicexerencia de Investigación. A porcentaxe da xestión económica da investigación representa neste centro, o 54,57 % da totalidade.

FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN
--

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 683, secretario/a de decanato.

FACULTADE DE INFORMÁTICA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 687, secretario/a de decanato.

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da UXAI: o nº 689, secretario/a administrativo e o nº 688, xefatura de negociado.

O posto 690 (secretario/a administrativo), pasa a reforzar a Unidade Técnica de Calidade (UTC), no obxectivo da xestión centralizada da Calidade na UDC.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	60/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		





FACULTADE DE FISIOTERAPIA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 708, secretario/a de decanato.

FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

Ábrese ao subgrupo A2 o posto nº 709, secretario/a de decanato.

UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA INTEGRADA DE OZA (UXAI - OZA)
--

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpóranse dous postos da extinta UADI á Administración da UXAI: o nº 737, secretario/a administrativo e o nº 720, xefatura de negociado.

UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA INTEGRADA (UXAI FAC. SOCIOLOXÍA/FAC. CC. DA COMUNICACIÓN)
--

Como xa se explicou con carácter xeral, no apartado correspondente da Introducción esta memoria, incorpórase un posto da extinta UADI á Administración da UXAI: o nº 730, xefatura de negociado.

O posto 727 (secretario/a administrativo) incorpórase, no marco da formación de grandes grupos e da centralización da xestión, ao Servizo de Xestión Financeira.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS EUROPEOS

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE MEDIO AMBIENTE

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	61/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		



INSTITUTO UNIVERSITARIO DE XEOLOXÍA ISIDRO PARGA PONDAL

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS MARÍTIMOS

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS IRLANDESES "AMERGIN"

Non hai novidades con respecto á anterior RPT.

Asinado dixitalmente polo xerente da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto Del Valle López - XERENTE	Asinado	19/07/2021 09:42:40
Observacións		Páxina	62/62
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hgNRYbUVNN0T7idtyE2ozg==		

